



# Código Ético

**PODEMOS**





# Código Ético

PODEMOS



A pertenza a Podemos implica un compromiso ético cos valores centrais da iniciativa, que deberá ser subscrito por todas as persoas que queiran participar nela.

Podemos nace como unha ferramenta para a participación cidadá e a unidade popular. Aspiramos a recuperar a política para poñela ao servizo das persoas. Podemos é un método: a democracia. Promovemos a participación democrática directa de todas as persoas nos ámbitos da decisión política, así coma na execución das políticas públicas.

### **Como persoa integrante de Podemos comprométome a:**

**I.** Defender a aplicación da **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** nos ámbitos social, político e institucional da nosa sociedade, avanzando cara á resolución pacífica dos conflitos e en contra de todo tipo de violencia.

**II.** Promover a **participación directa e igual de toda a cidadanía** nos espazos de adopción de decisión e nos ámbitos de execución das políticas públicas.

**III.** Traballar a favor da **recuperación da soberanía** popular e democrática.

**IV.** Promover a igualdade tanto na sociedade coma dentro de Podemos, loitando contra toda forma de racismo, de xenofobia, de machismo ou de exclusión por identidade de xénero ou orientación sexual. Ademais deberase promover a participación política das mulleres en Podemos e comprometerse a incluír nos regulamentos de cada espazo a necesidade de habilitar gardarías nos actos e asembleas da organización.

**V.** Velar para que a participación en Podemos sexa sempre libre, voluntaria e aberta a todas as persoas que, sen distinción do seu status civil ou social, comparten a defensa da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e o método democrático de participación cidadá e directa.

**VI.** Debater con honestidade todas as opinións e respectar a todas as persoas con independencia de cales sexan os seus pareceres, fomentando o diálogo e a busca de consenso.

**VII.** Esixir e respectar que a elección de candidatos ou candidatas a calquera institución de representación política (cámaras municipais, deputacións provinciais, parlamentos autonómicos, Congreso dos Deputados, Senado, Parlamento Europeo ou calquera outra) se leve a termo mediante **eleccións primarias abertas** a toda a cidadanía, con listas abertas só rectificables mediante criterios de xénero. Rexeitar o transfuguismo e velar para que ningún cargo electo poida formar parte de Podemos se previamente non foi elixido para exercer tal función nun proceso de primarias abertas e participadas por toda a cidadanía.

**VIII.** Esixir e respectar que calquera pacto previo ou posterior ás eleccións con calquera outra formación política sexa sometido á aprobación democrática mediante a consulta aberta a toda a cidadanía en todos e cada un dos niveis territoriais de representación.

**IX.** Esixir e respectar que calquera cargo electo sexa un mero representante obrigado a vincular as súas decisións ao método aberto e democrático de participación ao longo de todo o seu mandato.

**X.** Impedir que Podemos na súa xestión económica participe de produtos bancarios de financiamento de institucións baseadas no lucro. **Exclúese expresamente** a posibilidade, polo tanto, de **financiamento bancario** neste sentido.

**XI.** Construír Podemos como plataforma **para garantir que a política deixa de ser un espazo ao servizo de intereses privados**, para o cal **todos os cargos electos e cargos internos de Podemos aceptarán:**

**a)** A limitación salarial que se estableza con carácter xeral para cada nivel de representación, asumindo a total transparencia dos seus ingresos por calquera concepto e a obriga de render contas públicas e asumir a xestión transparente do seu patrimonio.

**b)** A limitación que se estableza con carácter xeral sobre o número de funcións públicas que poida desempeñar unha única persoa, e a recibir un único salario polas mesmas, agás que sumen menos de tres salarios mínimos.

**c)** A renuncia a calquera privilexio xurídico ou material derivado de xeito directo da condición de representante, provendo dende a responsabilidade do cargo público evitar o acollemento a calquera figura de aforamento xudicial.

**d)** O compromiso de transparencia e a rendición de contas ao longo e ao final da súa actividade como representante.

**e)** O compromiso de inhibirse na toma de decisións e de absterse de optar a cargos electos co obxectivo de representar intereses persoais, económicos ou políticos alleos aos que correspondan en cada caso ao cargo electo en cuestión. O réxime de incompatibilidades que desenvolverá o Consello Cidadán terá por obxecto garantir este punto non só en termos éticos senón tamén normativos e en calquera caso recollerá a restrición do dereito ao sufraxio pasivo a cargos orgánicos internos a membros ou a afiliados de organizacións políticas de ámbito estatal.

**f)** Asumir a imposibilidade de ocupar o acceso despois de asumir cargos públicos á empresa privada cuxa actividade teña ou tivera conexión de intereses nas súas tarefas como representante, con prohibición expresa de asumir durante 10 anos responsabilidades executivas en empresas conexas coas súas responsabilidades, e nunca como membros en Consellos de Administración de empresas que actúen en sectores estratéxicos ou de relevancia económica nacional, así como prover efectivamente non se acoller a ningún beneficio fiscal que se puidera derivar da actuación de cargo público.

**g)** O compromiso de renuncia ao cargo público, interno do partido ou a calquera candidatura aos mesmos no caso de ser imputado, procesado ou condenado polas faltas e delitos que se determinarán no regulamento a ese efecto, que haberá de publicar a Comisión de Dereitos e Garantías, e que en calquera caso incluírán sempre os delitos de corrupción, económicos, acoso sexual, violencia de xénero, pederastia e maltrato infantil, contra os dereitos dos traballadores, ecolóxicos e urbanísticos.

**h)** Evitar a contratación pública con empresas nas que o membro de Podemos ou os seus familiares poidan ter algún tipo de interese económico.

**i)** Limitación de mandatos asumindo a limitación de cargos públicos ou internos do partido a unha duración de 8 anos, que se podería prorrogar excepcionalmente a un máximo de 12 anos.

**j)** Impulsar o laicismo, promovendo un sistema democrático fundado na liberdade de conciencia, sen apoiar ningún culto ou relixión.

**XII.** Ademais, todas as persoas titulares de **cargos designados por Podemos** en calquera órgano das **administracións públicas** ou de calquera dos seus **entes instrumentais** deberán aceptar:

**a)** Exercer con lealdade á cidadanía, sinxeleza, moralidade e transparencia os postos para os que foran designados, velando polo bo uso dos bens públicos e por una xestión dos recursos públicos baseada nos principios de eficiencia, equidade e eficacia.

- b)** Non ter ningún privilexio xurídico ou material derivado de xeito directo da súa condición de representantes provendo dende a responsabilidade do cargo público evitar o acollemento a calquera figura de aforamento xudicial.
- c)** A limitación salarial que se estableza con carácter xeral para cada nivel de responsabilidade, sen que se poida superar en ningún caso o soldo máis alto establecido para o nivel do grupo funcional ou laboral para o que estean capacitados en función da titulación esixida para o ingreso (A1, A2, B, C1 e C2) en cada Administración Pública, salvo no relativo ás cotizacións por desemprego.
- d)** Renunciar nas Administracións e Empresas Públicas a percibir un salario superior aos recollidos no convenio colectivo ou no réxime retributivo do resto de persoas empregadas sen percepción de complementos ou conceptos retributivos diferentes. Non haberá privilexios de ningún tipo, soamente os dereitos derivados do convenio colectivo que lles será integramente de aplicación.
- e)** Non cobrar soldos ou remuneracións, calquera que sexa a súa denominación, pola pertenza aos Consellos de Administración de ningún ente ou organismo público, derivada do exercicio das súas funcións públicas.
- f)** Renunciar a calquera plan ou fondo de pensións que a Administración Pública respectiva puidera ter contratado á marxe daqueles aos que teñan dereito os empregados públicos. Non haberá máis dereitos en materia de xubilación con cargo aos fondos públicos que os establecidos na Seguridade Social, nas Clases Pasivas do Estado ou aqueles que a Administración Pública teña contratados para os seus empregados públicos.
- g)** Non facer gastos superfluos dos fondos públicos, moderar os custos de transporte e aloxamento axustándose ás dietas e indemnizacións establecidas para o persoal funcionario ou laboral. En caso de se precisaren indemnizacións por razón de desprazamento, aloxamento ou manutención, non se poderán superar as establecidas normativamente para o persoal funcionario ou laboral nin, no caso de empresas públicas e organismos asimilados, as que cobra o persoal dos mesmos por convenio colectivo. Renunciarán ás dietas de altos cargos da Administración.
- h)** Non percibir ningunha remuneración nin cesantías de ningún tipo unha vez finalizada a súa designación no cargo. quen con anterioridade ao cargo foran titulares dun emprego público serán repostos con carácter definitivo no último posto do que foran titulares definitivos ou outro posto equivalente en termos de salario, dedicación, área de actividade e localidade, debéndose incorporar a eles nos prazos previstos para a toma de posesión nos procesos de provisión de postos de traballo. quen non foran titulares dun emprego público cobrarán a prestación por desemprego que lles corresponda.
- i)** As persoas titulares de altos cargos renunciarán á asignación de vehículo oficial de carácter permanente excepto cando os corpos de seguridade do Estado así o recomenden expresamente por razóns de protección persoal. En calquera outro caso, o uso de vehículos oficiais só poderá facerse cando sexa imprescindible para o servizo público, de xeito e en condicións semellantes ás do resto do persoal, e en ningún caso se utilizarán para se desprazar ao domicilio propio ou familiar, ou outros usos non vinculados co estritamente necesario para o exercicio das funcións públicas. No posible darase exemplo co uso de medios de transporte colectivo ou outros medios de transporte respectuosos co medio ambiente.
- j)** Non percibir cobro en especie de ningún tipo e en especial a percepción de axudas de alugueiro cando se teña residencia continuada -sexa por alugueiro, ou por compra- na localidade ou nos arredores de onde se atope a sede na que exerzan as súas funcións públicas. No caso de non teren residencia na localidade do centro de traballo e de ter que percibir a axuda de alugueiro, o montante será xustificado e a vivenda será digna e adecuada ás necesidades da súa familia.
- k)** Respetar o deber de abstención previsto na lexislación vixente.
- l)** Os cargos públicos designados por Podemos comprométense á democratización do exercicio das súas funcións, a dar un trato humano e digno á cidadanía, especialmente con quen teñan menos recursos económicos, sociais ou culturais e a escoitar a todas

as persoas que o soliciten, sen que tal obriga se poida delegar no persoal baixo a súa dependencia.

**m)** As persoas titulares de cargos públicos procurarán a participación do persoal no desempeño da súa misión, o seu empoderamento e a mellora da organización pública ao seu cargo, fomentando a asunción de responsabilidades e proporcionando recoñecemento público ao persoal ao seu cargo polo bo desenvolvemento das súas funcións. Comprométense a avaliar de xeito obxectivo o desempeño do persoal ao seu cargo, a combater calquera forma de discriminación e a perseguir o acoso laboral. Promoverán a mellora do clima laboral, a prevención de riscos laborais no seu ámbito, a mellora das condicións de traballo e o respecto medioambiental.

Promoverán a cultura de mellora da xestión pública orientada á cidadanía, fixarán a misión da organización ao seu cargo de acordo cos plans e programas previstos e difundirán os valores éticos e democráticos para o seu logro, perseguindo con firmeza calquera sinal ou indicio de fraude ou de corrupción. Someteranse periodicamente a avaliacións de xestión e liderado.

**n)** Crear e facilitar nas áreas de traballo que teñan baixo a súa responsabilidade un clima e una cultura administrativa de transparencia, rendición de contas e portas abertas á cidadanía rexeitando comportamentos autoritarios e non democráticos.

**{ Subscribo este compromiso en liberdade, entendendo todos e cada un dos puntos que aquí se sinalan e asumindo a súa defensa como mellor garantía para a construción dunha sociedade máis xusta na que todas as persoas sexamos máis libres. }**